

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15020911	CPI Plurilingüe de Vedra	Vedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Francés	1º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	30

1. Introducción

Instrumento de coñecemento, comunicación e creatividade, as linguas vehículan, ademais, culturas e modos de ser e de facer. Así, o coñecemento de varias linguas pon a persoa usuaria en contacto cunha diversidade rica e complexa de experiencias e de construcións culturais, tanto individuais como colectivas.

O coñecemento de linguas é, pola súa vez, un instrumento esencial para a existencia curiosa e participativa nun mundo global, no cal se desenvolve un sentido de comunidade que está a dar lugar a comunidades dixitais, estilos de vida, hábitos de consumo e sensibilidades comúns respecto do que consumimos ou das condicións ambientais. Transitar adecuadamente, con instrumentos lingüísticos e culturais suficientes, por estes ámbitos da globalización, converteuse nunha necesidade para que poidan fluír o diálogo intercultural, a solidariedade internacional e os dereitos humanos universais.

Ao acceder á educación secundaria obrigatoria, o alumnado desenvolveu xa suficientemente a súa competencia comunicativa e pode recoñecer sen dificultade as exixencias de adecuación demandadas polos compoñentes das distintas situacións de comunicación; ao longo da educación primaria desenvolveu unha metalinguaxe suficiente para identificar diferenzas e similitudes entre as linguas; e o contacto con polo menos unha lingua estranxeira púxoo en relación, aínda que sexa elemental ou pouco profunda, con culturas e interaccións diferentes ao seu contexto habitual. Isto permitiu o desenvolvemento de actitudes de curiosidade, empatía, reflexión e tolerancia, ao que contribuíría, igualmente, a súa escolarización no noso sistema educativo, respectuoso e comprometido coa diversidade. É, pois, nesta nova etapa educativa cando o alumnado posúe a madurez lingüística e social suficiente para ampliar as marxes da súa competencia plurilingüe e pluricultural.

Mediante a competencia plurilingüe e pluricultural, o alumnado poderá mobilizar o repertorio plural dos recursos lingüísticos e culturais das linguas que conformen o seu repertorio lingüístico (linguas cooficiais da nosa comunidade, linguas estranxeiras vivas ou clásicas e linguas de migración, se é o caso) e así enfrontarse á necesidade de comunicar noutra lingua estranxeira apoiado polos coñecementos e experiencias lingüísticas e culturais adquiridos en todas as linguas coñecidas ou aprendidas. Pois ben, a final das contas, todas as linguas seguen un desenvolvemento similar, servindo ao entendemento e á comunicación humana.

Pola súa banda, a segunda lingua estranxeira contribuírá a que o alumnado desenvolva a súa competencia intercultural, abríndolle o ámbito da alteridade e axudándoo a comprender mellor os demais, así como ampliando as súas competencias de mediación entre diferentes grupos sociais e a súa capacidade de cuestionar aqueles aspectos da súa propia cultura que puidesen parecer incuestionables. Así, mediante a aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira desenvolveranse actitudes abertas para aprender tanto a xestionar con intelixencia emocional outras formas de contacto coa alteridade, como a afrontar con curiosidade, empatía e seguridade o encontro co descoñecido.

En consecuencia con todo o anterior, os obxectivos da materia de Segunda Lingua Estranxeira na educación secundaria obrigatoria toman en consideración as competencias adquiridas durante a educación primaria. Isto implica ter en conta como coñecementos previos as súas estratexias comunicativas, xa adquiridas, de comprensión, produción, interacción e mediación, aínda que se entende esta última, neste contexto de adquisición dunha segunda lingua estranxeira, como a actividade orientada a transmitir mensaxes básicas co fin de facilitar a comprensión mutua e de transferir información igualmente básica.

Segundo regula o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a presente programación desenvolve o currículo da materia 2ª Lingua estranxeira - Francés en 1º ESO no centro educativo 15020911 - Cpi Plurilingüe de Vedra.

A materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés impártese en 1º ESO como asignatura obrigatoria e conta cunha carga semanal de 2 sesións.

No contexto definido no PEC, na PXA, no DOC e nas NOFC do 15020911 - Cpi Plurilingüe de Vedra., o Departamento de Francés ten encomendada a docencia de 2 grupo(s) da materia 2ª Lingua estranxeira - Francés en 1º ESO cun número de alumnado de 21 respectivamente.

No actual contexto de globalización, o coñecemento de linguaS (en plural) é un requisito imprescindible. Mediante a competencia plurilingüe e pluricultural, o alumnado poderá mobilizar o repertorio plural dos recursos lingüísticos e culturais das linguas que conformen o seu repertorio lingüístico (linguas cooficiais da nosa comunidade, linguas estranxeiras -vivas ou clásicas- e linguas de migración, se é o caso) e así enfrontarse á necesidade de comunicar noutra lingua estranxeira apoiado polos coñecementos e experiencias lingüísticas e culturais adquiridos en todas as

linguas coñecidas ou aprendidas.

A ensinanza de linguas estranxeiras é un proceso complexo que implica definir unha apropiada metodoloxía, unha concepción da linguaxe e a aplicación dunha estratexia didáctica que facilite ao alumnado o desenvolvemento das súas habilidades lingüísticas de acordo coas súas necesidades comunicativas. Ademais, a forma de ensinar linguas estranxeiras está relacionada co enfoque lingüístico predominante. Isto significa que existe unha estreita relación entre a teoría lingüística vixente e a metodoloxía aplicada na aula de linguas estranxeiras.

Na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, preténdese que o alumnado valore a nivel persoal e académico a riqueza que supón o coñecemento da lingua francesa, lingua falada nos cinco continentes por máis de 200 millóns de persoas no mundo enteiro. Na Unión Europea, ocupa o 2º posto como lingua materna. Trátase da 2ª lingua máis ensinada do mundo.

Esta programación adopta o enfoque comunicativo que o Consello de Europa promove no Marco Común Europeo de Referencia para a aprendizaxe das linguas estranxeiras.

No marco do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Departamento de Francés propón como obxectivo específico a preparación do alumnado para a obtención da certificación do DELF escolar (Diplôme d'Études en Langue Française) de forma integrada na programación, desenvolvendo as estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación.

Os criterios de avaliación da materia, na súa formulación competencial, aseguran a consecución dos obxectivos aos que están vinculados. A nivelación dos criterios de avaliación está adecuada á madurez, experiencias de aprendizaxe lingüísticas previas e desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado de 1º de educación secundaria obrigatoria.

A programación está baseada no principio de flexibilidade, inclusión e atención á diversidade. Debe adaptarse ás modificacións necesarias en función das características, necesidades e intereses do alumnado e ter en conta no contexto sociocultural e económico do 15020911 - Cpi Plurilingüe de Vedra..

Todo isto obriga a ter unha maior flexibilidade á hora de programar, e sobre todo á hora de levar a cabo a práctica da programación, en función da resposta do alumnado, para intentar que poidan lograr unha base sólida, que lles permita comunicarse en francés cun nivel aceptable de autonomía. Neste sentido, é importante motivar e atender persoalmente a todo o alumnado, e intentar que sintan a materia como algo útil, que lles serve para comunicarse, e en moitas ocasións para poñerse ao día nos seus estudos e adquirir máis información á hora de integrarse no seu futuro campo profesional.

A interculturalidade, a transversalidade así como a interdisciplinidade son constantes ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe competencial: historia (datos relevantes, acontecementos históricos), matemáticas (cálculos, problemas), xeografía, estudio do medio, lingua (etimoloxía, préstamos lingüísticos, crucigramas, referencia continua ás linguas propias), música e artes plásticas (cancións, debuxos, collages, cadros representativos da pintura europea), psicoloxía (tests persoais), literatura (cómic, poemas, escritores franceses clásicos e modernos). Isto debe conseguirse mediante o exercicio do diálogo, lecturas, material audiovisual e multimedia, o que lles permitirá asemade reforzar os seus coñecementos noutras materias que estean estudando. As actividades complementarias propostas contribúen a estas finalidades. Tamén se procurará a integración da competencia dixital ao longo do desenvolvemento desta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Salut!	Primeira unidade do curso na que se tratarán temas como aprender a saludar e despedirse, identificar a alguén, os obxectos da clase, as cores e identificar algo. No apartado gramatical, trataranse os artigos definidos e indefinidos, o verbo être e a formación do plural dalgúns nomes e adxectivos.	15	12	X		
2	C'est la rentrée.	Na segunda unidade, trataranse temas como as sensacións, presentarse e presentar a alguén, preguntar e dicir cómo se está, as nacionalidades, preguntar e dicir a nacionalidade, os números e preguntar e dicir a idade.	15	12	X		
3	Des rencontres.	Na terceira unidade, abordaremos temas como a descripción física, describir o aspecto físico, o carácter, describir o carácter, o tempo de lecer e expresar os gustos.	15	12		X	
4	Aller et venir.	Na cuarta unidade, veremos os días da semana, os lugares da cidade, preguntar e dicir a ónde se vai e de ónde se ven, os enderezos, os números ate o cen e preguntar e dicir ónde se vive.	15	12		X	
5	C'est ma famille.	Nesta unidade, trataranse os temas da familia e falar dela, os animais de compañía, describir os animais, os meses do ano e preguntar e dicir a data.	20	11			X
6	À la maison.	Na derradeira unidade do curso, veranse os temas das habitacións da casa e as posicións, localizar no espazo, os mobles e os obxectos domésticos e describir as habitacións da casa.	20	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Salut!	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.	Completa corectamente a metade dun cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).	PE	10
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Comprende algunhas preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.)	TI	90
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Comprende algunhas frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue con dificultade, e sempre que se repitan e xesticulen, instrucións e consignas de aula.		
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	Comprende algunhas frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue con dificultade, e sempre que se repitan e xesticulen, instrucións e consignas de aula.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Comprende e comunica con certas dificultades e grazas a axuda da persoa interlocutora o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula. Utiliza con incorreccións as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. Comete certas incorreccións gramaticais /ortográficas/ léxicas que si dificultan a comunicación.		
CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Fai e/ou responde, aínda que con erros gramaticais, estruturais, léxicos ou de pronuncia, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Participa en poucos proxectos ou de maneira pouco entregada nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais. Aprécianselle algúns estereotipos lingüísticos ou culturais, e non valora moi positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. Comete certas incorreccións gramaticais que dificultan a comunicación.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Nas actividades de aula, intuímos que entende, mais non pode explicar claramente, o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Esporádicamente, nas actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día). - Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).

Contidos

- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	C'est la rentrée.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.	Completa corectamente a metade dun cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).	PE	10
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Comprende algunhas preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.)	TI	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Comprende algunhas frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue con dificultade, e sempre que se repitan e xesticulen, instrucións e consignas de aula.		
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	Comprende algunhas frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue con dificultade, e sempre que se repitan e xesticulen, instrucións e consignas de aula.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Comprende e comunica con certas dificultades e grazas a axuda da persoa interlocutora o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula. Utiliza con incorreccións as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas. Comete certas incorreccións gramaticais /ortográficas/ léxicas que si dificultan a comunicación.		
CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Fai e/ou responde, aínda que con erros gramaticais, estruturais, léxicos ou de pronuncia, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Participa en poucos proxectos ou de maneira pouco entregada nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais. Aprécianselle algúns estereotipos lingüísticos ou culturais, e non valora moi positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. Comete certas incorreccións gramaticais que dificultan a comunicación.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Nas actividades de aula, intuímos que entende, mais non pode explicar claramente, o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Esporádicamente, nas actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día). - Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos). - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes. - Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	Des rencontres.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Comprende o sentido xeral de audios sinxelos con léxicos xa traballados ou cotiáns e completa textos oracións, etc. e os modifica en base á súa aprendizaxe.	PE	20
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Comprende algunhas preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.)	TI	80
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. Comete certas incorreccións gramaticais que dificultan a comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	Participa en conversas informais breves e moi básicas nas que establece contacto social elemental, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. Comete certas incorreccións que dificultan a comprensión .		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Fai e/ou responde, aínda que con erros gramaticais, estruturais, léxicos ou de pronuncia, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.		
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	Comprende algunhas preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) Precisa de repeticións.		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Entende parte da información e trasmítea con dificultade en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas, aínda que fai uso de outras linguas, da xesticulación e/ou das repeticións.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Nas actividades de aula, intuímos que entende, mais non pode explicar claramente, o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Non sempre utiliza as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito. Non sempre amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos). - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.). - Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

UD	Título da UD	Duración
4	Aller et venir.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Comprende o sentido xeral de audios sinxelos con léxicos xa traballados ou cotiáns e completa textos oracións, etc. e os modifica en base á súa aprendizaxe.	PE	20
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Comprende algunhas preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.)	TI	80
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Entende parte da información e trasmítea con dificultade en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas, aínda que fai uso de outras linguas, da xestificación e/ou das repeticións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	Participa en conversas informais breves e moi básicas nas que establece contacto social elemental, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar. Comete certas incorreccións que dificultan a comprensión .		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Fai e/ou responde, aínda que con erros gramaticais, estruturais, léxicos ou de pronuncia, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.		
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	Comprende algunhas preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) Precisa de repeticións.		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Entende parte da información e trasmítea con dificultade en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas, aínda que fai uso de outras linguas, da xesticulación e/ou das repeticións.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Participa en conversas informais breves e moi básicas, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar ou sobre horarios e prezos. Comete certas incorreccións.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Nas actividades de aula, intuímos que entende, mais non pode explicar claramente, o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Non sempre utiliza as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito. Non sempre amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e

Contidos

- expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

UD	Título da UD	Duración
5	C'est ma famille.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Comprende o sentido xeral de audios sinxelos con léxicos xa traballados ou cotiás e completa textos oracións, etc. e os modifica en base á súa aprendizaxe.	PE	30
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Realiza correctamente test de autoavaliación ("fais le point") ao final da unidade didáctica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Comprende algunhas preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.)	TI	70
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Comprende parte do sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Nas actividades de aula, intuimos que entende, mais non pode explicar claramente, o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Nas actividades de aula, intuimos que entende, mais non pode explicar claramente, o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Comprende de xeito básico a diversidade cultural, lingüística e artística a través de elementos de cultura e civilización doutros países.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Non sempre utiliza as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito. Non sempre amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa en poucos proxectos ou de maneira pouco entregada nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais. Aprécianselle algúns estereotipos lingüísticos ou culturais, e non valora moi positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
^ Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais,

Contidos

- breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).
- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.í).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

UD	Título da UD	Duración
6	À la maison.	11

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>Comprende o sentido xeral de audios sinxelos con léxicos xa traballados ou cotiás e completa textos oracións, etc. e os modifica en base á súa aprendizaxe.</p>	PE	30
<p>CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.</p>	<p>Realiza correctamente test de autoavaliación ("fais le point") ao final da unidade didáctica.</p>		
<p>CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiás de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.</p>	<p>Comprende algunhas preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.)</p>	TI	70
<p>CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.</p>	<p>Comprende parte do sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet.</p>		
<p>CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.</p>	<p>Nas actividades de aula, intuímos que entende, mais non pode explicar claramente, o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>		
<p>CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	<p>Nas actividades de aula, intuímos que entende, mais non pode explicar claramente, o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>		
<p>CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.</p>	<p>Comprende de xeito básico a diversidade cultural, lingüística e artística a través de elementos de cultura e civilización doutros países.</p>		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Non sempre utiliza as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito. Non sempre amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa en poucos proxectos ou de maneira pouco entregada nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais. Aprécianselle algúns estereotipos lingüísticos ou culturais, e non valora moi positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos). - Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos). - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.). - Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira. - Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en

Contidos

- países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que procuraremos aplicar baséase na idea de que calquera idioma é un feito comunicativo, polo que a finalidade esencial do seu ensino é desenvolver a competencia comunicativa dos alumnos, capacitándoos para expresarse oralmente e por escrito e para entender as mensaxes emitidas por outras persoas.

Para conseguir estes obxectivos, é preciso crear na aula situacións de comunicación prácticas e dinámicas, que se correspondan con situacións reais da vida cotiá, e suscitar a participación activa dos alumnos. Este tipo de actividades levaralles progresivamente a expresarse en francés con certa fluidez, á vez que lles permitirá comprender mellor a utilidade da aprendizaxe do idioma. Dende logo, isto non implica que deixemos de lado os métodos expositivos, especialmente para explicar funcións gramaticales ou semánticas que se consolidarán despois por medio de diversas actividades.

Por outra banda, deberá facerse un ensino personalizado na que cada alumno atope o seu ritmo partindo das súas experiencias e intereses persoais.

O alumno debe saber para que lle serve o que está estudando, é dicir, a utilidade da materia para solucionar os seus propios problemas, pois de non ser así a aprendizaxe sería puramente memorística, non comprensiva e polo tanto fácil de esquecer.

É imprescindible, pois, motivar ao alumno ata lograr que se interese polo que está aprendendo, e por iso a programación deberá adaptarse ao ritmo e aos intereses dos alumnos. Neste sentido, o profesor cobra unha especial importancia na súa faceta de motivador do proceso de aprendizaxe e terá por obxectivo interesar sempre ao alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manuais de texto
Material de elaboración propia
Documentos auténticos
Páxinas web vinculadas ao FLE
Diccionarios en papel e en liña
Recursos dixitais (tradutores, conxugadores...)

Xogos de elaboración propia
Cartelería
Probas tipo DELF e outras certificacións

- O manual de referencia empregado no centro será Jeu de Mots Plus 1, da editorial Vicens Vives. Servirá de folla de ruta, sen ser condición a realización de todas as tarefas.

- Completaranse as explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requerimentos do grupo.

- Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos ad hoc por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.

- Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (diccionarios, tradutores, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.).

- Expoñerase na aula cartelería que sirva para motivar ao alumnado, lembrar aspectos lingüísticos e culturais que se constatan curiosos ou que gardan certa dificultade de adquisición, imaxes vinculadas ás culturas que vehicula a lingua estranxeira, etc.

- Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do DELF scolaire da Alliance Française e das Escolas Oficiais de Idiomas para avaliar o grado de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e os perfís de aprendizaxe verase facilitado polo uso das numerosas ferramentas de avaliación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é necesaria para saber cales son os coñecementos previos e actuais do noso alumnado. En 1º da ESO, en principio, os alumnos/as cursan a materia por primeiro ano así que a avaliación non se fará dos coñecementos previos. O profesor realizará unha sondaxe oral para comprobar que palabras coñecen en francés, que cousas saben de Francia e do resto dos países francófonos e que é o que se esperan da materia para este ano.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	20	20	100
Proba escrita	10	10	20	20	30	30	21
Táboa de indicadores	90	90	80	80	70	70	79

Criterios de cualificación:

Probas escritas (comprensión dos contidos gramaticas, vocabulario, expresión e comprensión escrita): 60%
Expresión oral (terase en conta a produción e a interacción, participación nas clases empregando a lingua estañxeira, controis orais guiados, diálogos, conversas...): 20%
Comprensión oral (a partir de audios, videos ou producións directas na aula): 10%
Traballo na aula (caderno e presentación de tarefas): 10%

Criterios de recuperación:

- a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.
- b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- c) Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, deberá realizar as probas e/ou as tarefas das destrezas nas que non acadou o grao mínimo de consecución. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberá avaliarse novamente delas. Procede deixar constancia no Informe de atención individualizado.
- d) Realizadas as probas e tarefas descritas no alinéa c), observaranse as cualificacións máis elevadas para cada destreza de entre as realizadas ao longo do curso e as realizadas na avaliación ordinaria, de cara a calcular a cualificación nesta avaliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao tratarse dunha lingua extranxeira, a avaliación é continua, polo que non se contempla a realización de exames de recuperación, o que quere dicir que calquera das dúas primeiras avaliacións se considerará aprobada automaticamente ao aprobar a avaliación posterior ou seguinte.

Segundo a orde de 27 de decembro de 2022 que modifica a orde de 20 de maio de 2022, realízanse as seguintes modificacións:

- A sesión da terceira avaliación parcial de cada grupo e a súa sesión da avaliación final realizaranse a partir do día 22 de xuño.
- A sesión da terceira avaliación parcial de cada grupo coincidirá no tempo coa sesión de avaliación final do mesmo.

6. Medidas de atención á diversidade

O tratamento á diversidade recóllese de diferentes formas:

* Consideramos que unha das mellores estratexias para a integración do alumnado con necesidades educativas especiais ou con determinados problemas de aprendizaxe é implicalo nas mesmas tarefas que o resto do grupo, con distintos niveis de apoio e esixencia.

* Nunha lingua o traballo en "espiral" e indispensable e inevitable, o que nos ofrece a posibilidade de retomar un contido non asimilado nun momento posterior de traballo, co que se evita a paralización do proceso de aprendizaxe de dito sector do alumnado con exercicios repetitivos, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación.

* A posibilidade de distinto nivel de profundización en moitas das actividades propostas, permitirá atender demandas de carácter máis profundo por parte de aqueles alumnos con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado.

*As diferentes actividades que se plantexan intentan conectar ao alumnado cos coñecementos que adquiriu, comezando nas primeiras semanas por realizar un repaso dos contidos básicos dese nivel inicial. Vannos servir para

establecer as bases de todos os contidos daqueles sectores dos alumnos con deficiencias neste sentido, sendo dunha maneira continua e dentro do proceso; desta forma abórdase unha ensinanza individualizada e adaptada a cada alumno.

*De igual xeito, e mantendo esta mesma progresión, os exercicios van crescendo paulatinamente de nivel, para cubrir as necesidades daquel alumnado que demanda unha maior profundización de contidos, ben polo nivel de partida dos mesmos, ou polo interese que o mesmo mostra polo tema en concreto. Desta forma instaselle a unha investigación que permite afondar en determinadas cuestións.

*Propónse o intercambio de saberes con outros compañeiros a base de traballos en grupos organizados.

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando AO o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

- a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias.

As familias serán informadas deste plan, podendo acreditarlo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

- b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO. Porén, é probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.).

- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.
- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.
- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexislación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, DE SER O CASO sempre que faciliten, estes recursos poranse á disposición do alumnado.
- Impartíranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)
- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.
- Propórase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).
- De ser preciso, ofrecerásenlle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.
- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.
- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.
- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.
- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado tutor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.
- Propóranse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.
- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.
- Na medida do posible, integraranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.
- Propórase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.
- Propóráselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, e seguir cursando a materia en 3º ESO, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.
- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.
- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Hábitos de vida saudable e hixiene.		X	X	X	X	X
ET.2 - Respeto e colaboración entre iguais.	X	X	X		X	
ET.3 - Rexeitamento de calquera mostra de violencia, racismo ou sexista.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Teatro/cine en francés.	Se hai oferta, acudírase ver algunha obra teatral en francés ou película en VOS.	X		
Actividades, exposicións, certames ou actos culturais.	O Departamento de Francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua estranxeira e que teñan lugar durante o curso académico.		X	
Xogos, exposicións, actividades e concursos.	O Departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, exposicións, actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción das linguas estranxeiras.			X

Observacións:

As actividades complementarias e extraescolares deste departamento pretenderán sempre presentar a lingua como algo vivo e conectado coa cultura e a civilización. Estas actividades achegarán ao alumnado aos costumes franceses e facilitarán a asimilación dos novos conceptos dunha maneira dinámica e amena nas que eles serán os verdadeiros protagonistas.

Deste xeito, o Departamento queda aberto á participación en calquera outra actividade que poida xurdir ao longo do curso escolar e que se considere de interese e aproveitamento académico do noso alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resultados de avaliación.
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA.
Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación.
Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver.
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA.
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ás CA.
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
Metodoloxía empregada
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
Adecuación do libro de texto.
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.
Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
Nivel de satisfacción do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
Outros
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.

Descrición:

a) Enquisa: Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grao de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. Proporase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia.

Mediante esta enquisa, preténdese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas:

- o material proporcionado (en todos os soportes).
- a práctica docente.
- os instrumentos de avaliación.
- os tempos asignados para facelos.
- os tempos de corrección.
- o sistema de puntuación e corrección.

b) Autoavaliación: Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre:

- percepción da súa progresión.
- tempo adicado á aprendizaxe da materia.
- estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

Coa autoavaliación preténdese:

- a) Fomentar a coordinación do profesorado.
- b) Mellorar a formación docente.
- c) Reforzar as medidas de atención a diversidade.
- d) Crear unha cultura autoavaliadora.

c) Revisión e melloras: O Departamento levará de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

a) Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.

b) Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:

a) Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Língua Estranxeira: Francés en cada curso.

b) Os erros detectados recollense na memoria final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

d) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.
- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.
- Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
- As medidas de atención á diversidade utilizadas.
- Valoración da metodoloxía empregada.

Está prevista a elaboración dunhas "TABOAS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA" con indicadores de logro (rúbrica de 1 a 4) . Tamén se recollerán observacións e propostas de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓNS DE DEPARTAMENTO

Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirse para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coordinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.

PROENS

O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, en reunión de Departamento fixarase que docente se encargará de facer o seguimento na aplicación para cada nivel.

Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.

AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:

a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reajustes.

b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse contrastar co número de sesións adicadas.

c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando exténdelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

9. Outros apartados